

BASES DE SUBVENCIONES PARA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO NACIONAL PARA O ANO 2018

Entre as competencias atribuídas pola lexislación de réxime local ás deputacións atópase a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial. O deporte constitúe unha actividade que incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso provincial á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén o desenvolvemento local.

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria está destinada a clubs federados da provincia de Pontevedra de ámbito nacional que teñan polo menos un equipo participante na categoría sénior, así como aos clubs que participen na 3.^a división de fútbol co obxectivo específico de apoiar a súa participación en ligas e competicións oficiais de ámbito nacional convocadas por organismos ou federacións deportivas galegas ou españolas nas modalidades deportivas con implantación na provincia de Pontevedra.

A través destas bases réxense as subvencións para o apoio a clubs deportivos federados que participen en categoría nacional na temporada 2017-2018 e, no caso dos clubs que participen en competicións de ano natural, da temporada 2018.

Neste ámbito de actuación preténdese colaborar cos axentes sociais comprometidos co obxectivo de fomentar a cohesión do territorio e a igualdade de oportunidades en materia de deportes, con independencia das condicións persoais de cada cidadá ou cidadán e do lugar da provincia onde resida.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 18/340.3410.489.20 do Orzamento da Deputación para o ano 2018 por un importe total de setecentos setenta e cinco mil (775.000,00) euros, repartidos da seguinte maneira:

- Atletismo: 30.000 €
- Bádminton: 20.000 €
- Baloncesto: 100.000 €
- Balonmán: 200.000 €
- Béisbol: 15.000 €
- Ciclismo: 75.000 €
- Fútbol: 120.000 €
- Fútbol sala: 30.000 €
- Rugby: 17.000 €

- Tenis de mesa: 18.000 €
- Voleibol: 35.000 €
- Outras modalidades: 115.000 €

Non obstante, a Comisión de valoración poderá, segundo o número de solicitudes, non repartir o total da cantidade asignada a “Outras modalidades”, para o que deberá motivar a súa decisión. En todo caso, ningunha entidade poderá recibir máis de 18.000 € neste apartado.

Por causas técnico-deportivas debidamente xustificadas e en base ao número de solicitudes presentadas a Comisión terá a posibilidade de minorar ou aumentar as cantidades entre as distintas modalidades obxecto desta convocatoria.

Terceira. Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables serán unicamente os de carácter corrente e os de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización de actividades deportivas. Non serán obxecto de subvención os seguintes:

- Eventos deportivos singulares que poidan ser obxecto de subvención a través doutras convocatorias
- Adquisición de bens inventariables
- Gastos derivados das atencións protocolarias ou de viaxes de ocio
- Gastos financeiros
- IVE, no caso de que este sexa deducible

Cuarta. Beneficiarios

Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos federados que compitan en categoría nacional e que cumpran cos seguintes requisitos:

- ✓ Carecer de fins de lucro
- ✓ Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, así como non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa Deputación
- ✓ A modalidade practicada polos clubs deportivos federados ten que ter implantación na provincia de Pontevedra
- ✓ Estar inscritos no rexistro de asociacións deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte
- ✓ Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollida na lei
- ✓ Con respecto a “Outras modalidades: 115.000 €” para poder solicitar a subvención as entidades solicitantes deberán acreditar os desprazamentos a competicións oficiais federadas fóra da Comunidade Autónoma e dentro do ámbito estatal cun mínimo de 7.500 km, así como o número de persoas desprazadas, de acordo co anexo I

Non poderán beneficiarse destas subvencións os clubs deportivos que teñan pendentes de xustificar subvencións concedidas no ano 2017 para o mesmo programa.

Quinta. Solicitudes e documentación

Cada club só poderá presentar unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta. Esta realizarase nos modelos normalizados, que se facilitarán no Rexistro xeral do organismo provincial, no da oficina periférica de Vigo, no Servizo de Deportes ou en www.depo.gal. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación, sen prexuízo do establecido no artigo 28, apartado 5, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP):

5.1. Fotocopia actualizada do CIF do club deportivo (facilitado pola Axencia Estatal Tributaria)

5.2. Fotocopia do DNI da persoa representante legal do club

5.3. Certificación orixinal da conta bancaria a nome do club

5.4. Orzamento estimativo de gastos asinado e referido á modalidade deportiva correspondente á temporada 2017-2018 e, no caso dos clubs que participen en competicións de ano natural, á temporada 2018 (no caso dos clubs que marquen na solicitude que deducen o IVE deberán presentar os gastos sen el)

5.5. Declaración responsable debidamente cuberta (modelo 100.024)

5.6. Certificación da Federación galega ou española, na que detallen os criterios de valoración específicos e previstos no cadro da base 7ª destas bases (excepto a memoria e o orzamento)

Excepcionalmente, aqueles clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán presentar o certificado da federación correspondente ao ano 2018. No caso de que non se poida presentar o mencionado certificado a persoa representante legal do club deberá achegar unha declaración xurada cos datos reflectidos na base 7ª desta convocatoria para competir no referido ano; no momento da xustificación deberá presentar o certificado da federación correspondente.

5.7. Memoria técnico-deportiva do club, especificando os resultados da temporada anterior e os meses que dura a temporada, no caso de non ser por ano natural (2017-2018).

5.8. Ademais, na modalidade de ciclismo os clubs terán que presentar unha declaración na que certifiquen que van participar como mínimo en tres probas da Copa de España (de estrada ou de BTT) en categorías Júnior, Sub-23 e Elite.

5.9. No caso de: "Outras modalidades" as entidades solicitantes deberán acreditar, para poder solicitar a subvención, desprazamentos a competicións oficiais federadas fóra da Comunidade Autónoma e dentro do ámbito estatal cun mínimo de 7.500 km, así como o número de persoas desprazadas, de acordo co anexo I.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá estar debidamente cotexada.

Os clubs deberán autorizar o organismo provincial para solicitar as certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.

Sexta. Lugar e prazo de presentación

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle traslade ao BOPPO o seu extracto, sen prexuízo da súa inserción en www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

O prazo para presentar as solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no BOPPO e rematará o día 2 de abril de 2018.

Entregaranse no Rexistro xeral do organismo provincial:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a venres)
- Oficina periférica de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)
- A través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP

A presentación da solicitude implicará que se autoriza a Deputación ao tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non se admitirán nesta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle ao interesado, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándosele que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, polo que se arquivará sen máis trámites.

Sétima. Procedemento de concesión e criterios de valoración

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva, tendo en conta para a adxudicación das subvencións os seguintes criterios:

Criterios de valoración específicos	Puntuación máxima	Ponderación
Nivel de competición da entidade debidamente especificado e acreditado	0-30	30 %
Número de licenzas federativas	0-20	20 %
Número de equipos participantes no ámbito nacional	0-20	20 %
Número de equipos en categorías base	0-10	10 %
Clubs que compitan con licenzas masculinas e femininas ou con diversidade funcional	0-10	10 %
Memoria técnico-deportiva do club	0-5	5 %
Orzamento	0-5	5 %
Total	0-100	100 %

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do orzamento que presente o club.

Oitava. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base 7ª, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei 38/2006, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Informe de fiscalización do Servizo de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.

Posteriormente realizarase un estudo do informe-proposta do xefe de Servizo pola Comisión de valoración das solicitudes de subvención, órgano colexiado composto por:

- ❖ Presidencia: a deputada delegada da área de Deportes
- ❖ Vogalía: dous membros do persoal técnico do Servizo de Deportes e un membro do persoal técnico do Servizo de Intervención
- ❖ Secretaría: un membro do funcionariado do Servizo de Deportes, que actuará sen voto

A Comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe a respecto das solicitudes de subvención

A concesión das subvencións levarase a cabo a través do procedemento de concorrência competitiva establecido no artigo 21.1 da LXS.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Despois de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificar a resolución os interesados estarán lexitimados para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Novena. Xustificación e pagamento

Unha vez notificadas as subvencións concedidas os clubs beneficiarios deberán xustificalas da seguinte maneira:

- Se a modalidade deportiva corresponde á temporada 2017/2018 xustificarse dentro dos tres meses seguintes dende que remate a temporada e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2018
- Se a modalidade deportiva corresponde á temporada 2018 (ano natural) xustificarse ata o 29 de marzo de 2019

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa na que se relacionarán os conceptos de gastos por importe igual ou superior á subvención concedida pola Deputación, mais as axudas solicitadas e recibidas doutras administracións públicas, tal como se establece no artigo 24.1.b.f. da Ordenanza xeral de subvencións
- b) Toma de razón na contabilidade do club deportivo (modelo 340.005)
- c) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento da subvención outorgada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos da temporada.
- d) Os clubs aos que se lles outorguen subvencións por un importe superior a 1.500 € deberán acreditar a difusión do financiamento a través de calquera medio probatorio (prensa, valos, pancartas, vestimenta deportiva, páxina web...) e, no caso de máis de 6.000,00 € deberán acreditar, ademais, a divulgación do financiamento a través de fotografías nas instalacións e na súa vestimenta.
- e) Orixinais ou copias cotexadas de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade.
- f) Os clubs que acheguen unha declaración xurada cos datos reflectidos no punto 7 destas bases deberán acreditar o certificado da federación correspondente
- g) A maiores, na modalidade de ciclismo os clubs teñen que presentar un certificado da Federación corroborando a declaración de participación entregada coa solicitude, tal e como se solicita na base 5.8.
- h) No caso de: "Outras modalidades" as entidades solicitantes deberán presentar un certificado expedido pola federación correspondente no que corroboren os desprazamentos presentados coa solicitude mediante o anexo I.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención
- A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado non poderá superar o 20%

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada polo club.

Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles aos beneficiarios preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, deben aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

Os beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.

No caso de clubs que non teñan unha contabilidade os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación.

Décima. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións
- b. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención. O prazo para realizar a actividade subvencionada será, para a temporada 2017/2018, ata o final desta, e no caso da temporada 2018, ata o 31 de decembro de 2018
- c. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores
- d. Dispoñer dos libros contables, os rexistros dilixenciados e os demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos se esixan nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control
- e. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control

Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles na web www.depo.gal (área de descargas/imaxe corporativa).

Décimo primeira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, de ser o caso, o establecido na prórroga, sen que o club beneficiario presentase a documentación xustificativa o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo segunda. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas, entre outros, polos seguintes motivos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Décimo terceira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das bases de execución do orzamento para o ano 2018 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Décimo cuarta. Normativa aplicable

As subvencións que outorgue a Deputación réxense pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento
- Artigos non básicos da LXS e normativa básica de desenvolvemento
- Lexislación de réxime local, estatal e autonómica
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación
- Bases de execución do Orzamento
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación

Décimo quinta. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso de reposición perante o órgano que as ditou, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir

contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de dous meses un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos se contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.